

Arrinca en Muros a xira de ‘Catro monos’ por concellos do Fondo Galego de Cooperación

A Tropa de Trapo combina narración oral, música ao vivo e teatro de obxectos para reflexionar sobre como nos relacionamos entre nós e co medio

Muros, 24 de abril de 2019. A [Tropa de Trapo](#) inicia mañá xoves en Muros a xira do espectáculo ‘Catro monos’, que recalará en diversos concellos socios do [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#). A actuación desenvolverase a partir das 11.30 horas no Centro Cultural e Xuvenil, dentro da programación do **XIII Mostra de Teatro ‘Xosé Agrelo’**. A compañía mesturará narración oral, música ao vivo e teatro de obxectos para facer reflexionar ao público sobre como nos relacionamos entre nós e co medio.

‘Catro monos’ é un espectáculo para pensar, para rir, para cantar e para soñar con outro mundo posible. A proposta dálle a volta aos **emoticonos dos monos** que non escoitan, non ven e non falan para que fagan todo o contrario en catro historias, que nos levan a convivir coas mulleres dunha aldea, con habitantes do Sáhara, etc. Todo cunha innovadora e atraente posta en escena, onde forma e contido se complementan para reforzar a mensaxe. Ademais de Muros, o espectáculo chegará proximamente a Viana do Bolo, Alfoz, Rianxo ou Cabanas.

A Tropa de Trapo

Marta Ortiz e Brais das Hortas levan dez anos percorrendo a xeografía galega como A Tropa de Trapo, un proxecto co que recollen e crean contos para levalos a escena con música en directo, ben con instrumentos habituais como con outros elaborados a partir de refugалlos. Os seus espectáculos, de carácter participativo, buscan un **equilibrio entre entreter e educar, cun trasfondo social e unha vertente pedagóxica** coidada. Por un lado, ritmo, música, narración áxil e pingas de humor. E, por outro, a convicción profunda da necesidade de falar de valores como a liberdade, a solidariedade, o respecto ou a igualdade.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 97 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, desde a súa fundación en 1997 o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en preto de 30 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.

ÁREA DE COMUNICACIÓN
Carmen Novas 616 145 077
comunicacion@fondogalego.org

